



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453181 · REL 01150709 · CIF P1507100D · <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

EXPEDIENTE : 2026/X999/001100

Ref.: ntt

EDICTO E ANUNCIO DE COBRANZA

Con data 05/05/2026 a concelleira delegada, María Tania Pardo Cabarcos, ditou a seguinte resolución (780/2026):

ANTECEDENTES DE FEITO:

1. Listado de obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio, correspondente ao mes de Marzo de 2026.
2. Informe-proposta do 05/05/2026.

FUNDAMENTOS LEGAIS:

1. O artigo 41 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo RDL 2/2004, de 5 de marzo, establece que “1. *Las entidades locales podrán establecer precios públicos por la prestación de servicios públicos o la realización de actividades de la competencia de la entidad local, siempre que no concurra ninguna de las circunstancias especificadas en el artículo 20.1.B) de esta Ley.*”

2. Na Ordenanza fiscal nº 26, que regula o prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio, establécense o concepto, os obrigados ao pagamento e a contía do prezo, entre outros.

A concelleira delegada, María Tania Pardo Cabarcos, é competente para resolver de acordo co decreto 2000/2024, do 4 de novembro, de delegación de competencias nos membros da corporación municipal, no seu punto 1º c) que designa a María Tania Pardo Cabarcos, como concelleira delegada da Área de Benestar Social, Igualdade, Educación e Contratación, e correspóndenlle, entre outras atribucións, a tramitación e resolución de expedientes de atención á dependencia, e a tramitación e resolución de expedientes de axuda a domicilio por libre concorrência, así como polas facultades conferidas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e demais disposicións legais aplicables.

Por iso, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar o padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio, correspondente ao mes de Marzo de 2026 e as liquidacións resultantes do mesmo, cos seguintes datos:

	Libre concorrência	Dependencia
Nº Liquidacións:	61	115
Importe:	3.311,88 €	17.582,42 €



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453181 · REL 01150709 · CIF P1507100D · <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

EXPEDIENTE : 2026/X999/001100

Ref.: ntt

SEGUNDO.- Expoñer ao público tódolos datos incorporados ao padrón que se aproba mediante edicto que se debe publicar no boletín oficial da provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación. Esta exposición, por prazo de quince días dende a correspondente publicación, servirá de notificación colectiva a tódolos contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

TERCEIRO.- Contra as liquidacións incorporadas ao Padrón tódolos interesados poderán interpor RECURSO DE REPOSICIÓN ante esta Concellería Delegada, segundo o disposto no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao remate da exposición ao público do Padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes desde a súa interposición. Contra a desestimación presunta do recurso poderase interpor RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante a Sección do Contencioso Administrativo do Tribunal de Instancia de Ferrol, no prazo de dous meses dende a notificación da resolución expresa ou de seis meses dende que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosoadministrativa. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime conveniente.

CUARTO.- O prazo de cobro en período voluntario abranguerá dende o día 14 de maio de 2026 ata o 14 de xullo de 2026. O pago farase efectivo mediante domiciliación bancaria, segundo o disposto no artigo 6 da Ordenanza reguladora do prezo público. Transcorrido este prazo iniciarase o período executivo e a débeda resultante esixirase polo procedemento de prema e devengaranse os correspondentes recargos do período executivo, os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

As Pontes de García Rodríguez, 5 de maio de 2026

A Concelleira delegada

María Tania Pardo Cabarcos